

LINGUA GALEGA. Comprensión lectora



Unha noite a súa nai achegouse ata a cama da nena e espertouna:

— Ven, é un espectáculo maravilloso. Non fagas ruído, para que non esperte papá. Marta ergueuse e foi canda ela ata a terraciña. O ceo estaba excepcionalmente nítido e víase, aínda sen telescopio, unha inmensa cantidade de estrelas.

— Mira — díxolle Clara — Agora teño enfocada a constelación de Orión.

¿Verdade que é fermosa?

Marta mirou polo miror do telescopio. Tratou de ver aquela constelación da que falaba a súa nai, pero só pudo ollar unha gran cantidade de estrelas espalladas polo fondo negro do ceo.

— Vexo estrelas pero non sei a cales lles chamas ti Orión.

Clara, entón, prendeu a lanterna e debuxou nun papel a forma que tiña a constelación.

— Xa a vexo! Desta vez, si! — dixo Marta, ó cabo dun pouco tempo.

A súa nai continuou localizando estrelas e constelacións durante moito tempo. A iso das catro da mañá decidiron ir deitarse. A súa nai acompañouna ata o cuarto e axudoulle a meterse outra vez na cama. Cando xa se ía dixo:

— E a ver se mañá, cando te ergas, recolles os libros, non me gusta nada que teñas todo así.

Marta mirou para a súa librería. Os andéis estaban case baleiros e os libros estaban todos tirados polo chan, espaxados en pequenos montóns. Pero Marta non fixera tal cousa. Estaba segura que quedarán todos ben colocados nos andéis cando se deitara. Como era posible que estivesen agora polo chan?

✖ Cal é o motivo polo que Clara levanta a Marta da cama?

✖ Por que lle rifa a súa nai a Marta?

✖ Como se chama a constelación que ían ver?

✖ Como se chama o aparello co que miran as estrelas?

✖ Pon (V) de verdadeiro ou (F) de falso nas seguintes oracións.

— Marta espertou a súa nai para ver as estrelas. _____

— O pai de Marta estaba durmindo. _____

— Clara é a nai de Marta. _____

— Viron as estrelas cun primático. _____

✖ Que farías ti se ves unha estrela fugaz?
